

# PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA



CRA DE RIANXO

MARIO JIMÉNEZ LÓPEZ

CURSO 20/21

Neste documento están presentes só os cambios (modificacións e ampliacións) propostos para o curso 20/21 con respecto da programación elaborada para o curso pasado. Están indicados mediante a cor vermella no índice, o resto de apartados permanecen iguais o curso pasado.

# ÍNDICE

## **1. INTRODUCCIÓN**

### **1.1. CONTEXTUALIZACIÓN**

### **1.2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA**

## **2. EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **2.1. OBXECTIVOS DE ETAPA**

#### **2.2 - 1º DE PRIMARIA**

#### **2.3. 2º DE PRIMARIA**

## **3. AVALIACIÓN**

### **3.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **3.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

## **4. EDUCACIÓN EN VALORES**

## **5. METODOLOXÍA**

## **6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **7. RECURSOS DIDÁCTICOS**

## **8. FOMENTO DA LECTURA E EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS**

### **8.1 ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO LECTOR**

### **8.2 ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO DA INTEGRACIÓN DAS TICS**

## **9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

## **1- INTRODUCCIÓN**

### **1.1- CONTEXTUALIZACIÓN**

O maior cambio respecto a contextualización neste curso académico 2020/2021 e que están escolarizados no centro 108 alumnos, 88 matriculados en EI e 20 en 1º e 2º de EP. Seguimos contando con 19 mestres (8 titoras de infantil, 2 mestres de apoio, 2 titoras de primaria, 1 mestra de inglés, 1 mestre de educación física, 1 mestre de música, 1 mestra de relixión, 1 mestra de PT, 1 mestre de AL e 1 orientador). En xeral, as unitarias teñen un aula onde se desenvolven as actividades diarias e, a maiores, con outro espazo onde en anos anteriores funcionaba outra unidade e agora empregamos para inglés, psicomotricidade ou facer desdobramentos cando vén o profesorado de apoio... debido a situación actual provocada polo coronavirus estes espazos utilízanse tamén este ano como lugar para almacenar material escolar o que repercute nos espazos dispoñibles para o desenvolvemento da materia de Educación Física.

Por tratarse dun CRA, todas as escolas presentan agrupamentos mixtos, acollendo a alumnos/as de diferentes idades, con diferentes intereses e distintas peculiaridades en función do seu nivel de escolarización. Así, os máis pequenos manteñen a atención períodos máis curtos de tempo que os maiores, e teñen máis necesidade de movemento, precisando cambiar de actividade máis a miúdo. Esta diversidade do alumnado, é un dos valores e, á vez, unha das singularidades do CRA á que debemos prestar especial atención, especialmente neste curso académico 20/21 no que para cumprir co protocolo de resposta o coronavirus nalgúns aulas os alumnos debense organizar en aulas burbulla, con subgrupos de convivencia dentro das mesmas.

### **2.2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA**

Respecto a xustificación teórica, este curso 20/21 añádese e faise especial fincapé na saúde como epicentro da área de Educación Física, seguindo a Len Almond (1992) quen establece unha serie de beneficios da actividade física en relación ca saúde, estilos de vida saudables e ca calidade de vida:

1. Facilita un desenvolvemento e crecemento equilibrado.
2. Desenvolve e mantén o funcionamento óptimo do sistema cardiovascular e do sistema músculo-esquelético (músculos, ósos e articulacións).
3. Reduce o risco de certas enfermidades como por exemplo as cardíacas.
4. Mellora o control e xestión das deficiencias existentes como o asma.

Por todo o anterior, e engadíndolle os problemas derivados da pandemia provocada pola COVID-19, a área de Educación Física na actualidade, tenta aportar dende unha perspectiva saudable para alcanzar o obxectivo principal do noso Sistema Educativo, sinalado no Decreto 115/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (LOMCE), que é o desenvolvemento integral do individuo.

### **3. EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### **3.1. OBXECTIVOS DE ETAPA**

- 1º DE PRIMARIA

- 2º DE PRIMARIA

### **4. AVALIACIÓN**

#### **4.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Para avaliar ao alumnado empregaremos diversos instrumentos de avaliación tales coma a observación directa, un rexistro anecdótico anotando o máis salientable de cada unha das sesións, unha escala numérica para coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos e as propias probas de execución que nos determinan se unha habilidade é ou non satisfactoriamente realizada valorando sempre o coñecemento inicial sobre a

mesma e o esforzo durante a aprendizaxe. Este curso académico todas estas medidas estarán condicionadas polo estricto cumprimento do protocolo elaborado polo centro para loitar contra a covid-19.

#### 4.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Este apartado é igual co expresado na programación do curso pasado, pero as ponderacións das porcentaxes cambia lixeiramente para aumentar o peso dos aspectos sociais:

- 65% Aspectos comportamentais e actitudinais.
- 35% Consecución dos obxectivos propostos

#### 5. EDUCACIÓN EN VALORES

Educación en valores ten unha gran importancia na sociedade actual, a escola non os debe ignorar xa que impregnan toda a actividade educativa, non constitúen un área determinada, pero están presentes en todas elas. Referímonos a un conxunto de valores, actitudes e normas que nos axudan a formar íntegramente ó alumn@. A maiores do exposto na programación do curso 19/20, e baseándonos nos que establece o currículo e segundo as características do contexto sociocultural do centro, este curso académico priorizaremos a **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**: a adquisición de hábitos saudables: alimentación equilibrada, hixiene e coidado corporal, exercicio físico, prevención de accidentes.

#### 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía nas sesións é globalizadora, participativa e lúdica, fomentando a exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo a valoración das propias posibilidades; todo isto a través do xogo.

Dependendo do obxectivo que pretendamos acadar vanse utilizar os seguintes métodos, seguindo para elo a Muska Mosston:

- Conducido: máxima intervención do mestre utilizando a repetición e a demostración, cun estilo de aprendizaxe de mando directo.
- Semi-conducido: intervención media do mestre e unha aprendizaxe polo descubrimento guiado.
- Non conducido: mínima intervención do mestre e unha aprendizaxe mediante a busca, cunha grande importancia da creatividade do neno.

Neste curso 20/21 o método conducido e semi-conducido terán un maior peso que na programación anterior para que o alumando manteña a distancia de seguridade, cumprir co protocolo e o mesmo tempo tratar de adecuarnos a unha merma nos espazos dispoñibles debido a acumulación de material nas aulas de Educación Física.

Outro cambio salientable este curso e a maior realización e utilización dos espazos exteriores.

## **DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS**

As Sesións terán unha duración de 50 minutos e a diferenza do curso pasado algunhas tan só 45 minutos. Ademais hai que engadir un maior tempo para a aseo e hixiene persoal tanto antes como despois da realización de actividade física. Dividimos a sesión en 5 partes seguindo o modelo de sesión proposto por Santos Berrocal e engadimoslle este ano un tempo extra para a hixiene.

**\* HIXIENE DE MANS (3 min)**

**1.- FASE DE INFORMACIÓN (2 min):** Breve explicación dos obxectivos a traballar e, recollida de información previa acerca da actividade antes de empezar a traballar.

**2.- FASE DE ANIMACIÓN (7 min):** Xogos e actividades nos que se realizan movementos globais para a activación psicomotriz, cognitiva e afectiva. Pretende evitar lesións e motivar para realizar eficazmente a sesión.

**3.- FASE PRINCIPAL (30 min):** Xogos e tarefas que desenvolven os contidos e se dirixen á consecución dos obxectivos da unidade.

**4.- FASE DE VOLTA Á CALMA (5 min):** Actividades de recuperación e volta ao nivel inicial de activación. Persegue voltar ós niveis evitar que os alumnos/as cheguen cun estado emocional alterado á clase seguinte.

**5.- ASEO (3 min).**

## **7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **8. RECURSOS DIDÁCTICOS**

As instalacións do CRA de Rianxo para a realización desta programación anual son limitadas. Contamos con patio descuberto en todas as escolas, con moitas diferenzas en tamaño e características. Só dispoñemos de patio cuberto na escola de Cruceiro e patio cuberto de dimensións limitadas nas escolas de Abuín e Outeiro. As sesións poden ser impartidas na aula de psicomotricidade, na aula-clase ou no exterior cando a climatoloxía o permite, este ano primarase a práctica no exterior.

Destacar as reunións trimestrais entre escolas que se fan todos os anos e que o ano pasado quedaron canceladas, queremos, unha vez máis , salientar a importancia das xornada de actividades no Polideportivo Municipal de Rianxo e indicar a predisposición para facelas no curso 20/21 se a situación cambiase, pero non aparecen rexistradas nesta programación porque nun principio non se poden realizar.

Tamén continuaremos realizando e organizando a xornada das Letras Galegas, coa preparación do alumnado para a carreira ao igual que os xogos populares propostos para a celebración do Magosto, en vez de realizalos cunha saída e reunión de todo o centro realizarase por escolas unitarias.

O material de Ed. Física do que dispoñemos é practicamente o mesmo que o curso pasado e cabe destacar que este ano será desinfectado e ben pode estar na aula ou ben ser de carácter itinerante. Podemos citar: cordas, aros, pelotas, conos, discos voadores, picas, indiakas, ladrillos de psicomotricidade, raquetas, zancos, balóns medicinais, colchonetas, trampolín, plinto, bancos, vallas, ...

## **9. FOMENTO DA LECTURA E EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS**

### **9.1 ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO LECTOR**

### **9.2 ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO DA INTEGRACIÓN DAS TICS**

O exposto nete apartado para cursos anteriores, neste curso 20/21 súmase a aula virtual como complemento as ensinanzas presencias dende o principio de curso, para chegar a todo o alumnado independenteme da



situación na que se atope e o seu uso pasará a ser primordial se a educación toma un carácter menos presencial o longo do curso.

### **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A maiores do exposto na programación do curso pasado este curso inclúese un apartado para valorar a programación e a súa posta en funcionamento con respecto o funcionamento da ensinanza virtual como un ítem máis a valorar.